

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE SETEMBRO DE 2014

LICENZAS.-

LIC/82/2013.- M^a DEL CARMEN VIEITES LISTE.- Conceder a licenza para a construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira no lugar Xulacasa.

2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación de contrato de acondicionamento e mellora das pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha e outras incluídas no POS 2014.

Acordouse a adxudicación dun contrato á empresa Francisco Gómez e Cia, por un importe de 341.946 euros (IVE incl.)

As obras, que se comezarán a executar nos vindeiros días, logo de superados os trámites administrativos correspondentes, consistirán basicamente en:

. Reparación de panos completos en todo o ancho de tramos de calzada, para garantir a seguridade e comodidade do tráfico rodado.

. Obras complementarias ás principais, que poidan incrementar o nivel de seguridade e comodidade dos viais reparados ou que poidan alargar a súa vida útil, como limpeza de cunetas, reposición de gabias, reposicións de tubaxes ou arquetas deterioradas polo seu uso.

As actuacións vanse desenvolver en 37 pistas que discorren por 17 parroquias e nunha superficie total de preto de 83.000 m². (82.878 m²).

En concreto, actuarase nas seguintes parroquias e pistas:

- Parroquia de Santa Cristina de Fecha . Pista de Frensa (1.356 m².)
- Parroquia de San Xoán de Fecha. Pistas de Roán (1.891 m².), Lamascal-Fecha (942 m².) e Lamascal-Ponte Vilar (15.922 m².)
- Parroquia de Grixoa. Pista Grixoa-Miramontes (4.855 m².), Grixoa-Marzo (2.861 m².)
- Parroquia de San Caetano. Pista A Gracia-Escarabuña (3.315m².)
- Parroquia da Peregrina. Pista da Peregrina (1.031 m².)
- Parroquia de Verdía. PistaChaián-Insuas (3.485 m².). Pista Lobra (839 m².)
- Parroquia de Nemenzo. Pista de Nemenzo de Arriba (2.350 m.). Pista Paradelas (1.214 m².) e Pista dos Muíños (467 m².)
- Parroquia de Busto. Pista Os Currais (3.083 m².). Pista O Castro - Vilariño (1.653 m².) e Pista de Vilariño (673 m².)
- Parroquia de Marantes. Pista Os Mallos - Autoestrada (4.793 m.). Pista Gosende (1.826 m².) e Pista Cortos (1.075 m².)
- Parroquia O Carballal. Pista de Tarrío (1.327 m².)
- Parroquia do Eixo. Pista de Bornais (1.053 m².) e Pista Pista Bornais - Uceira (1.521 m².)
- Parroquia de Marrozos. Pista da Igrexa (450 m².). Pista do Sixto (1.827 m².) e Pista Corexo (606 m².)
- Parroquia Sabugueira. Pista Lavacolla - Castiñeira (2.540 m².). Pista Lavacolla - Correos (1.241 m².)
- Parroquia de Bando. Pista Bando - Campo de fútbol (1.303 m².)
- Parroquia de Aríns Pista Rúa da Pena (2.606 m².). Pista Sobríns (6.215 m².). Pista Dios Diante (1.561 m².) e Pista Vilacoba (1.794 m².)
- Parroquia de Vilvestro Pista Pousada (1.180 m².). Pista Feáns (484 m².). Pista Pedrido (701 m².) e Pista Barcia (1.078 m².)
- Parroquia de Laraño. Pista Loimil (1.760 m².)

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a rectificación de acordo da Xunta de Goberno de 24.04.2014 sobre licenza de contrucción de vivenda unifamiliar no lugar de Xulacasa.

Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto repavimentación da rúa Carreira do Conde.

Visto bo ao proxecto construtivo para a reurbanización e humanización desa rúa. O orzamento que se recolle no proxecto básico e de execución ascende a 540.000 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do contrato de conservación, reparación e pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno acordou adxudicarlle á empresa Espina y Delfín, por un importe de 630.800 euros, o contrato para o servizo de conservación, reparación e pequena reforma ou ampliación de edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago.

O importe será aboado nas anualidades de 2014 (185.800 euros) e de 2015 (445.000 euros).

O apartado que recibirá unha maior achega para afrontar as necesidades de obra serán as infraestruturas educativas, que recibirán un 63% do investimento previsto (400.000 euros).

Con esta cantidade poderanse complementar de forma inmediata as actuacións realizadas antes do inicio do curso e darlle resposta as demandas máis prioritarias da comunidade educativa.

6.- Proposta do concelleiro do servizo de Obras e Proxectos relativa a aprobación de memorias valoradas e encomenda a empresa concesionaria de inversións que redunden na mellora da eficiencia das infraestruturas de alumeadado público.

Apróbanse tres actuacións

- a substitución de 1.225 lámpadas incandescentes polas de tipo LED de alto rendemento en distintas instalacións dependentes do concello: centros socioculturais, pavillóns polideportivos, escolas públicas, colexios e mesmo neste edificio do Pazo de Raxoi. Entre as máis representativas podemos destacar as 106 lámpadas que se van substituír no Centro Sociocultural de Conxo ou as 68 no do Ensanche. 30 no pavillón polideportivo Lorenzo La Torre (preto da rúa dos Pelamios/Avda. Xoan XXIII); 194 no colexio das Fontiñas, 74 no colexio de Pío XII e 701 no propio Pazo de Raxoi. **O investimento será de 28.857 euros** e suporá unha **redución da potencia instalada nun 82%** (pasando de 77.290 vatios a 13.580 vatios) o que se traduce nun **aforro medio estimado é de 12.742 euros/ano.**

- instalación de reloxos astronómicos nos sistemas de iluminación públicos. Vaise actuar sobre 110 centros de mando, a través dos que se controlan arredor de 1.770 puntos de luz, cun investimento de 15.306 euros. Supoñen un aforro estimado duns 54.340 Kw/ano, o que equivale a preto de 10.900 euros/ano e unha amortización estimada en pouco máis dun ano.

- substitución das luminarias existentes nos parques públicos de Pablo Iglesias e Ponte Mantible. Vanse reemprazar as luminarias de tipo globo existentes, que teñen lámpadas de vapor de sodio de alta presión, por dispositivos LED de alto rendemento. O aforro enerxéticos previsto neste caso é dun 52% (de 19.444 kw/ano a 9.160 kw/ano). O investimento previsto neste caso é de 41.203 euros, que permitirá actuar sobre 59 lámpadas nesa zona.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á axudas de carácter social.

Apróbase a proposta relativa a catro acordos en relación coa concesión doutras tantas axudas de emerxencia como Medida de Apoio para a Prevención e Integración Social (MAPIS).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á execución da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 no procedemento ordinario 228/2011.

A sentenza tivo a súa orixe nunha denuncia cursada en maio de 2010 por deficiencias nas paradas do transporte urbano nas rúas Xeneral Pardiñas e na Rúa Lisboa do barrio das Fontiñas que dificultaban a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

Conforme á sentenza o Concello procedeu no pasado mes de xullo a realizar unha serie de obras por un importe de 12.591 euros para eliminar obstáculos e adaptar as dúas paradas para facilitar o acceso.

Agora acórdase trasladar ao Xulgado as medidas adoptadas en cumprimento da sentenza.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa a expediente TXX/1354/2013 - IBI: solicitude de beneficio fiscal - GONZALEZ ALVAREZ, EMMA MARIA e 10.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa a expediente TXX/282/2014 - ICIO: solicitude de beneficio fiscal - ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Xunta de Goberno acordou conceder dúas exencións de impostos atendendo ás solicitudes presentadas.

11.- Propostas de diversas concellarías relativas á recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Afecta a un total de 22 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 77.829 euros.